

ACTA DA ASEMBLEA XERAL ORDINARIA DO CLUBE DE MONTAÑA XISTRA, CELEBRADA NO SALÓN DE ACTOS DO EDIFICIO DAS FEDERACIÓNS DEPORTIVAS, RÚA FOTÓGRAFO LUÍS KSADO 17, DE VIGO O DÍA 20 DE ABRIL DE 2024 ÁS 20:30 HORAS, EN SEGUNDA CONVOCATORIA.

| |
|---|
| Asistentes |
| <u>Presidente/a</u> |
| D. Henrique Freixeiro |
| <u>Directivos/as asistentes</u> |
| D ^a . Begoña Landesa Torrado |
| D. Raúl Leirós Gutiérrez |
| D. José Miguel Merino |
| <u>Directivos que escusan a asistencia</u> |
| D ^a . María Luisa Martínez |
| D. Angel Gonzalez |
| D. José Carlos Senovilla |
| <u>Socios/as asistentes</u> |
| D. Xosé Lois Freixeiro |
| D. José do Pazo |
| D. Antonio Iglesias |
| D. Raúl Lago |
| D. José Álvarez Rodríguez |
| D. Julio Fernández Oitaben |
| D. Dionisio Soto Amil |
| D. Manuel Martínez Núñez |
| D ^a . Rosa López Ledo |
| D. Alexandre Freixeiro (sen voto) |

Iníciase a Asemblea Xeral Ordinaria, convocada polo Presidente a tal efecto, co seguinte

ORDE DO DÍA

- 1 Lectura e aprobación da acta anterior de 2023.....1
- 2 Lectura e aprobación do Estado de Contas 2023.....1
- 3 Resumo de actividades 2023, proxecto 2024.....2
- 4 Aprobación, se procede, dos contratos de servizos externos.....3
- 5 Rogos e preguntas.....3

SESIÓN

Comunicada polo Secretario a súa ausencia a esta Asemblea Ordinaria, fai as funcións de secretaria accidental para a elaboración desta acta D^a. Begoña Landesa. Unha vez iniciada a Asemblea incorporouse o Sr. Merino, pero dá fe da Asemblea a Sra. Landesa.

1 Lectura e aprobación da acta anterior de 2023.

Os presentes confirman ter recibido a acta ordinaria do ano 2023 e, despois de ser lida na súa totalidade e sen obxeccións, é aprobada por unanimidade.

2 Lectura e aprobación do Estado de Contas 2023.

O Presidente dá lectura ó Balance de Situación e a conta de Resultados a data 31 de decembro de 2023, elaborados polo propio Presidente trala renuncia, pola súa idade, do contable

e socio D. Ricardo Echevarría Covelo.

Infórmase dun pequeno descenso do material deportivo inventariado co motivo da súa entrega durante a proba de Ponteareas 2023, como agasallos ós participantes.

Coméntase que durante o ano 2023 houbo gastos superiores ós ingresos, o que derivou nunha perda no exercicio. Tamén están recollidos nos números do balance unha débeda de 500 € para compras solidarias para o Concello de Ponteareas.

A fin de ano está pendente de recibir a subvención concedida pola Deputación de Pontevedra.

| ACTIVO | | |
|---|--------------------|--------------------|
| ACTIVO | 2023 | 2022 |
| INMOBILIZADO MATERIAL | 3.529,86 € | 5.923,21 € |
| Material Deportivo | 6.712,79 € | 7.327,94 € |
| Amortización Acumulada Inmob. Material | -3.182,93 € | -1.404,73 € |
| ANTICIPOS A C/P | 201,00 € | |
| Anticipo licenzas c/p Federación | 201,00 € | |
| DEBEDORES VARIOS | 1.117,00 € | 4.420,51 € |
| Secretaría Xeral para o Deporte (Xunta) | 0,00 € | 3.284,70 € |
| Deputación Prov. Pontevedra | 1.117,00 € | 1.135,81 € |
| TESOURERÍA | 34.668,57 € | 30.814,37 € |
| Abanca 1305 | 26.679,46 € | 27.094,50 € |
| Abanca 2930 | 7.392,13 € | 3.260,63 € |
| Caixa | 596,98 € | 459,24 € |
| TOTAL ACTIVO | 39.516,43 € | 41.158,09 € |

| PASIVO | | |
|--|--------------------|--------------------|
| PASIVO | 2023 | 2022 |
| FONDO SOCIAL E RESERVAS | 40.730,02 € | 40.578,13 € |
| Fondo Social | 40.730,02 € | 40.578,13 € |
| RESULTADOS PENDENTES APLICACIÓN | -2.284,16 € | 151,89 € |
| Perdas e ganancias | -2.284,16 € | 151,89 € |
| DÉBEDAS A CURTO PRAZO | 1.070,57 € | 328,07 € |
| Varios | 349,57 € | 328,07 € |
| Ponteareas Acredor x Doazón | 500,00 € | |
| Anticipo licenzas c/p Nova Zelandia | 221,00 € | |
| TOTAL PASIVO | 39.516,43 € | 41.058,09 € |

Dáse conta dun resultado negativo de -2.284,16 € que será incorporado a Fondo Social. Infórmase de

que o activo do club está composto a 31/12/2021 das seguintes partidas: 3.529,86 € en material deportivo; 201,00 € dun anticipo efectuado na FGM; 1.117,00 € ó noso favor da subvención pendente de recibir (Deputación); e un saldo de tesourería de 34.668,57 € (dos cales 596,98 € en efectivo de caixa e o resto nas 2 contas abertas en ABANCA).

| GASTOS | 2023 | 2022 | INGRESOS | 2023 | 2022 |
|---|--------------------|--------------------|---|--------------------|--------------------|
| Gastos por Andainas-Actividades-Eventos | 8.003,81 € | 10.324,22 € | Ingresos por Andainas-Actividades-Eventos | 8.477,00 € | 6.859,00 € |
| Gastos Actividades Montaña | 20,00 € | 836,00 € | Ingresos Actividades Montaña | 20,00 € | 292,00 € |
| FGM Gastos Barrancos | | 682,00 € | FGM Ingresos Barrancos | | 682,00 € |
| FGM Gastos Veteranos | | 198,00 € | FGM Ingresos Veteranos | | 136,00 € |
| FGM Gastos Día Sendeirista | | 80,00 € | FGM Ingresos Día Sendeirista | | 40,00 € |
| Gastos Licenzas Federativas | 6.537,80 € | 5.635,13 € | Ingresos Licenzas Federativas | 6.542,00 € | 5.635,13 € |
| | | | Ingresos Cotas Sociais Xistra | 880,00 € | 800,00 € |
| Gastos Cea Anual | 1.358,00 € | | Ingresos Cea Anual | 640,00 € | |
| Gastos uniformidade equipamentos | 391,16 € | | Ingresos uniformidade equipamentos | 425,00 € | |
| Primas de Seguros | 511,79 € | 465,26 € | | | |
| Servizos Bancarios e similares | 83,72 € | 18,00 € | Subv. Secretaria Xeral Deportes Xunta | | 3.284,70 € |
| Comisións Xestión Cobros | | 58,56 € | Subv. Secretaria Xeral Deportes Xunta | 650,44 € | 968,79 € |
| Outros Servizos | 789,51 € | 308,18 € | Subv. Deputación Prov. Pontevedra | 1.117,00 € | 1.135,81 € |
| Gastos Asembleas | | 27,80 € | Subv. Concello de Vigo | 566,83 € | 604,33 € |
| Servizos Informáticos | 496,10 € | 665,50 € | | | |
| Hospedaxe páxina web | 139,43 € | 50,68 € | Doazóns recibidas | | 95,00 € |
| Comunicacións | 74,84 € | 37,50 € | | | |
| Subv. Xistra Infantís Fomento | 415,00 € | 277,13 € | | | |
| Subv. Xistra Espec. Licenzas | 62,00 € | 84,00 € | | | |
| Subv. Xistra – Roberto Lopez – Manaslu | 400,00 € | | | | |
| Doazóns entregadas – Fins Benéficos | 2.073,20 € | | | | |
| Amortización Inmo. Material | 1.678,20 € | 632,91 € | | | |
| | | | Resultados excepcionais | 1.432,13 € | |
| Resultado exercicio (positivo) | | 151,89 € | Resultado exercicio (negativo) | 2.284,16 € | |
| | 23.034,56 € | 20.532,76 € | | 23.034,56 € | 20.532,76 € |

Trala exposición, as contas anuais son aprobadas por unanimidade.

3 **Resumo de actividades 2023, proxecto 2024.**

O Presidente fai un resumo das actividades de 2023, con varios vídeos sobre actividades de montañismo e marchas. Foi importante a realización do Open de Andainas e da participación nas outras andainas da Federación.

Coméntase o éxito de Roberto López no Manaslu, co primeiro 8000 dun socio de Xistra, e as actividades que están a levar outros socios en temas de escalada e vías ferratas.

En 2023 non houbo posibilidade de facer actividade de barrancos nin de raquetas, cuestión que pode volver a pasar en 2024 por falta de persoas para a súa organización.

Para 2024 a entidade xa colaborou na organización de AndaGuláns e vanse apoiar dende o club tódalas actividades que propoñan os socios a máis das andainas do calendario da FGM.

Non hai intervencións dos asembleístas neste eido.

4 **Aprobación, se procede, dos contratos de servizos externos.**

Infórmase sobre o tema da xestión dos socios e da contabilidade da entidade.

* Estamos en estudo para deixar de usar a plataforma Playoff, xa que subiron os prezos a 31.40 €/mes, o que supón 376.80 € / ano; a máis teñen moi mala xestión e cobraron en 2024 un recibo que corresponde a unha factura que non mandaron e non agardabamos de 170 € de SMS de 2023. Se podemos

intentaremos cancelar o contrato.

* Proponse que a contabilidade sexa realizada por FL Consultores por 57.85 €/mes + IVE

Vótase este punto e queda **aprobado por unanimidade**.

5 Rogos e preguntas.

Os socios consultan sobre a axuda de Roberto López da Federación Galega de Montañismo para 2024, da cal non podemos dar información pois carecemos dela e sabemos que a FGM non ten aprobados os orzamentos para 2024.

Tamén se comenta o descontento co que aporta a Federación para as Andainas e para os marchadores destas probas, considerando que estes deportistas son discriminados na Federación en comparación con escaladores, marcha nórdica ou carreiras por montaña.

Hai consultas de se podemos tramitar seguros por fóra da Federación para non ter que federarse.

Despois de intercambio de opinións, dáse por rematada a sesión.

A continuación fíxose a entrega de galardóns, trofeos e premios deportivos de 2023.

Sen outros asuntos que tratar, e sendo as 21:45 horas do día 20 de abril de 2024 procédese a dar por finalizada a Asemblea Xeral Ordinaria, do cal eu, D^a. María Begoña Landesa Torrado, coma Secretaria accidental dou fe co visto e prace do Presidente.

Sinaturas:

| | |
|---|---|
| | |
| D ^a . María Begoña Landesa Torrado | D. X. Henrique Freixeiro Cameselle |
| Secretario/a da reunión da Xunta Directiva | Co V ^o e Prace do/a Presidente/a |